

ACTA ASEMBLEA ABERTA DE MOCIDADE

ÁMBITO

LOCALIDADE: **Compostela**
COMARCA: **Compostela**
DATA: **09/05/2016**
LUGAR DE REALIZACIÓN: **Bar SCQ, rúa das Orfas**

ASISTENCIA

NÚMERO DE ASISTENTES(no momento de maior participación) : **18**
NÚMERO DE NON MILITANTES ASISTENTES: **1**
NÚMERO DE MILITANTES CONVOCAD@S:

DESENVOLVIMENTO DA ASEMBLEA

PERSONAS A CARGO DAS QUE RECAEU A EXPLICACIÓN DO PROCESO: Jessica García Cruz

NÚMERO DE PERSONAS QUE INTERVIRON: 15
DURACIÓN APROXIMADA DA REUNIÓN: 2h
METODOLOXÍA EMPREGADA (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc.): Clásica, sentadas en círculo.

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN:(tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.)

O grao de participación era igual que a dunha asemblea ordinaria, dominando as palabras dun número reducido de persoas. Porén, víase unha maior comodidade á hora de expresarse e partillar visións.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

LISTAXE DE PROPOSTAS (o máis sintéticas posíbeis)

- Campañas centradas tamén nas cidades, non só no rural.
- Mellorar o discurso en canto aos contratos laborais.
- Procurar novas vías comunicativas.
- Máis accións sociais e menos actos históricos ou institucionais.

CON CARÁCTER XERAL

-

RADIOGRAFÍA DA GALIZA DE HOXE

- Galiza cada día é menos rural, polo que é un erro centrar a campaña en defender o rural no canto de propoñer alternativas e esquecéndose das cidades; aínda así hai que potenciar as posibilidades do rural para que as habitantes non se vexan obrigadas a abandonalo.

- A día de hoxe o tipo de contratos son lixo. Hai que mudar o discurso e procurar dar resposta a problemáticas relativas esta cuestión.

- Non existe conciencia de clase nin ideolóxica, hai descontento mais non mobilización social. A xente prefere fórmulas instantáneas ou non están interesadas na política, feito que a televisión agrava.

ESTRATEGIA POLÍTICA DO NACIONALISMO GALEGO

- Buscar novas estratexias de comunicación, non sabemos facer chegar á sociedade as nosas propostas. Nesta liña temos que atopar novas canles para loitar contra o bombardeo dos mass media, hai que facer atractiva a nosa mensaxe. Proponse a creación de medios propios (canles de Youtube, radio) mais co comprommiso de crear contido continuo e non esporádico. Tamén cómpre introducir certas claves nas palestras (institutos ou medios) aínda que non poidamos falar abertamente de política, elaborar un discurso sutil que deixe ver a nosa perspectiva.

- Debemos enfocar as campañas dun xeito diferente. Hai que adaptar cada unha das campañas ao contexto concreto do lugar onde se van desenvolver. Por exemplo, durante a campaña de lingua, animar á xente a falar galego cando xa o falan non ten sentido.

- Intentar expandir o proxecto a outros colectivos e persoas. Centrarnos máis en correntes non nacionalistas para explicarllo e convencelos. Non facer as cousas para o autoconsumo: hai que facer actos que cheguen á xente e non facer actos por facer.

PARTICIPACIÓN POLÍTICA E MODELO ORGANIZATIVO

- Hai que ser referentes de traballo, sobre todo no ámbito estudantil. Introducir o noso discurso a través da nosa referencialidade.

- Importancia da autoorganización xuvenil. Actitude proactiva en aumento das militantes de Galiza Nova mais é preciso aumentar dita capacidade e iniciativa persoal, e sermos sempre as primeiras en tomar cartas nos asuntos de todo tipo. Propoñer nós mesmas as actividades e non estar sempre a esperar polas directrices da nacional.

- Mellorar a participación nos debates do BNG, pois moitas veces muda a nosa actitude durante estas asembleas (cohibidas, faltas de soltura). As asembleas locais e coarcas son o espazo idóneo para equivocarse. Temos que abandonar a visión de que non pintamos nada nas asembleas do BNG; temos que vernos como militantes do BNG e non só como militantes de Galiza Nova.

- Por outra parte, cómpre mellorar a comunicación desde o BNG en comarcas e localidades cara Galiza Nova, non se nos ten demasiado en conta.